

Un tesouro no ceo

Xesús, pásame como aquel mozo rico.

Estou rodeado de cousas, créome novas necesidades, e non paro de mercar todo o que me entra polos ollos.

Pero ti pasas ao meu lado e propoñeme necesitar menos, ser máis austero, para que os obxectos non me posúan a min.

Pero sabes, Xesús, que me deixo arrastrar pola chamada das modas, da publicidade e polos meus caprichos.

Por iso hoxe, ao ver a tristeza do mozo rico, quero facer un compromiso: ir deixando cousas, amar máis, terte a ti.

Ti, Xesús, es o meu tesouro valioso. Téndote a ti, teño todo: serei feliz e terei un tesouro no ceo.



Evanxeo
13-outubro-2024
28º ORDINARIO-B



**Perdelo TODO
por ter de todo**

Jesús, mi tesoro...

**La llave que abre el cofre
de todos los tesoros**



Ordinario 28º

SABEDORÍA 7,7-11: *Ao lado da sabedoría en nada tiven a riqueza.*

Supliquei e foime dada a prudencia, invoquei e veu a min o espírito de sabedoría. Preferina a cetros e tronos e ao seu lado en nada tiven a riqueza. Non a equiparei á pedra máis preciosa, porque todo o ouro ante ela é un pouco de area e xunto a ela a prata é como o barro. Quíxena máis que á saúde e á beleza e preferina á mesma luz, porque o seu resplandor non ten ocaso. **Con ela viñéronme todos os bens xuntos**, ten nas súas mans riquezas incontables. *Palabra do Señor.*

SALMO 89 R/. *Sáncianos da túa misericordia, Señor, e estaremos alegres.*

HEBREOS 4,12-13: *A palabra de Deus vulga os desexos e intencións do corazón.*

MARCOS 10, 17-27 (forma breve): *Vende o que tes e sígueme.*

Narrador: Naquel tempo, cando saía Xesús ao camiño, achegóuselle un correndo, axeonllouse diante del e preguntoulle:

Mozo rico: -«Mestre bo, que farei para herdar a vida eterna?».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«Por que me chamas bo? Non hai ninguén bo máis que Deus. Xa sabes os mandamentos: non matarás, non cometerás adulterio, non roubarás, non darás falso testemuño, non estafarás, honra a teu pai e a túa nai».

Narrador: El replicoulle:

Mozo rico: -«Mestre, todo iso cumprino desde a miña mocidade».

Narrador: Xesús quedou mirándoo con agarimo e díxolle:

Xesús: -«Unha cousa che falta: anda, vende o que tes, dálo aos pobres, así terás un tesouro no ceo, e logo ven e sígueme».

Narrador: A estas palabras, el engurrou o cello e marchouse triste porque era moi rico. Xesús, mirando ao redor, díxolles aos seus discípulos:

Xesús: -«Que difícil lles será entrar no reino de Dios aos que teñen riquezas!».

Narrador: Os discípulos quedaron sorprendidos destas palabras. Pero Xesús engadiu:

Xesús: - «Fillos, que difícil é entrar no reino de Deus! Máis fácil lle é a un camelo pasar polo ollo dunha agulla, que a un rico entrar no reino de Deus».

Narrador: Eles espantáronse e comentaban:

Apóstolos: -«Entón, quen pode salvarse?».

Narrador: Xesús quedou mirándoo e díxolles:

Xesús: -«É imposible para os homes, non para Deus. Deus pódeo todo».

Palabra do Señor.

(Narrador- Mozo rico – Xesús -Apóstolos)



Perdelo TODO por ter de todo

1. VER: Querelo todo

- Cando somos pequenos non paramos de gritar “meu, meu”, queremos apropiarnos de todo o que imos descubriendo ao noso redor. Pero aos poucos no cole e na catequese imos aprendendo a prestar as nosas cousas, a participar xuntos nos xogos. Porque hai pequenas renuncias que nos fan felices ao compartir o noso coa familia ou os amigos.

Queres telo todo? Cando estás máis contento?

2. XULGAR: Perdelo todo por ter de todo

- No evanxeo de hoxe, un mozo bo achégase a Xesús e preguntalle: “*que farei para herdar a vida eterna e ser feliz?*”. Xesús, véndoo tan apegado ao diñeiro, ás riquezas, dille: “*Unha cousa che falta: vende o que tes, dá o diñeiro aos pobres e logo sígueme*”. E o autor do Libro da Sabedoría fálanos de que pediu a sabedoría: “*preferina a cetros e tronos e ao seu lado en nada tiven a riqueza... Con ela viñéronme todos os bens xuntos*”.

Mc. 10, 17-33, LUMO –RVC, película: <https://youtu.be/QdFoTfEUmSo> .

QUE NOS QUERE DICIR?

- O mozo rico pasou os últimos anos traballando por conseguir o soño da súa vida: ter moito diñeiro para vivir con todos os caprichos, sen privacións e así ser feliz... Sabe que “*poderoso cabaleiro é don diñeiro*”, dise: “*es pobre e es rico, que máis queres Federico*”. Pero, con toda a súa riqueza, téndoo todo, non é feliz.

- Xesús faille unha proposta sabia: para ser feliz **fáltache** compartir a túa riqueza cos pobres, así terás un tesouro no ceo, logo sígueme. Xesús ensinálle a verdadeira sabedoría: as cousas non dan a felicidade, poden axudar; a felicidade non está en ter de todo senón ter no corazón ao que é o Todo, o que enche a túa vida, o que relativiza todo o demais.

Que experiencias de compartir tes? Que che ensina Xesús?

Desprenderse, Verbo Divino 2024, reflexión: <https://youtu.be/fLLrFFFr20A>

3. ACTUAR: O que ten a Xesús o ten todo.

- Dialogamos: por que se marcharía o mozo e por que se foi triste.

- Vemos que cousas nos escravizan, átannos, non nos deixan ser máis felices.

- Dícímoslle a Xesús: Xesús, quero seguirte; ir deixando cousas, amar máis, terte a ti. Ti, Xesús, es o meu tesouro valioso. Téndote a ti, téño todo: serei feliz e terei un tesouro no ceo.

Sé tí a miña riqueza, Salomé Arricibita, canción: <https://youtu.be/yXQw0gMq3DE&t=28s>

Que vou facer? E no grupo?